



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

Rúa Ulpiano Villanueva, 1-2  
15705 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 554 710 Fax: 981 554 875  
eoi.santiago@edu.xunta.es  
http://www.eoisantiago.org



**Os poemas serán interpretados nunha gala que se realizará no Teatro Principal de Santiago de Compostela xunto coas músicas gañadoras e a presenza dos promotores da iniciativa Convergências Portugal Galiza, premio aRi[t]mar da Embaixada da amizade galego-lusófona.**

## **Alexandre Brea e Lois Pérez, poetas gañadores do certame aRi[t]mar galiza e portugal**

**A iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela encádrase na Lei Valentín Paz-Andrade de vínculos coa Lusofonía**

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.- A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, institución docente pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, acabou de fechar o proceso de votación polo público dos poemas finalistas do certame aRi[t]mar galiza e portugal aos mellores poemas publicados en Galiza e en Portugal en 2017, en que os gañadores foron Lois Pérez, por "Blues do rei Bergman = B.B. King (*Long Play*, Xerais, 2017), e Alexandre Brea, por "Com o ritmo da chuva" (*O libro branco*, Livros de Ontem, 2017).

As seguintes clasificadas foron Eli Ríos (Galiza), por "Arróstrasme Ítacas", e Cláudia R. Sampaio (Portugal), por "Sou mulher de vestígios fáceis e dignos" e, en terceiro lugar, Marta da Costa (Galiza) por "Tira a roupa" e Ana Luísa Amaral (Portugal) por "Aprendizagens".

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participaron tamén as da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões e os centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza, e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior, ben como centros de ensino secundario de fóra de Galiza en que se imparte galego, e o público en xeral.

aRi[t]mar galiza e portugal é un proxecto didáctico-cultural, desenvolvido inicialmente pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria da Xunta de Galicia, que ten por obxectivo divulgarmos a música e a poesía galego-portuguesas actuais, e achegarmos a cultura e a lingua dos dous países, no marco do desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa Lusofonía.

aRi[t]mar como iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, conta co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña e das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística da Xunta de Galicia, así como do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e Instituto Camões-Centro cultural Portugués de Vigo.

### **Lois Pérez** (Lugo, 1979)

Mestre e contador de historias, o centro da súa actividade artística é a narración oral e a escrita. No eido da dramaturxia, gañou en 2008 un dos premios de Teatro Radiofónico da Radio Galega, coa obra "Saltimbanqui", dirixida e adaptada por Quico Cadaval e interpretada por este canda Xan Cejudo e Xosé Olveira Pico, publicada en libro-cd (Xerais, 2008). En 2013 publicou "LP", o seu primeiro poemario, editado por Emerxente. Foi colaborador do grupo de teatro Pinchacarneiro, da Fundación Anade para persoas con diversidade funcional e ocasionalmente exerce de cronista do rock and roll para a revista "Ruta 66" e como locutor radiofónico nocturno para openradio.es. Colabora coa Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG e no eido do ensino traballou e coordinou diferentes proxectos de innovación na normalización lingüística do galego na escola, premiados todos eles (2008, 2009, 2010 e 2011) por organismos oficiais e institucións diversas. "Long Play" (2017) é o seu primeiro libro de poemas en Xerais.

(<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=autores&id=100026441>)

### **Alexandre Brea** (Santiago de Compostela, 1994)

Fillo de escritores, desde crianza foi educado para amar todas as culturas da terra e da súa propia.

Aos oito anos foi morar para o campo coa súa familia e amou a natureza. Pasou a súa infancia brincando ao pé do Pico Sacro, entre libros e inmensos campos verdes.

Unha vez finalizado o bacharelato dedicou un ano sabático a viaxar pola Europa, aprendeu por conta propia a escribir. Xa con 18 anos comezou o Grao en Física na Universidade de Santiago de Compostela que cursa na actualidade. Combina os estudos con outros intereses persoais como a fotografía, a música, a lectura e viaxar.

Nos últimos anos participou nas obras poéticas *Além do silêncio* e *Galiza e Moçambique numa linguagem e numa sinfonia* e em numerosos recitais, así como en obras colectivas que están aínda en proceso de ser publicadas. Recentemente resultou elixido para formar parte da antoloxía lusófona *Emergente*.

(<http://marcasdeleitura.blogspot.com.es/2017/03/o-ppl-sugere-o-livro-branco-alexandre.html>)

---

**aRi[t]mar** é un proxecto didáctico e cultural da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galego-portuguesa actuais e achegar a cultura e a lingua dos dous países, no marco da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa lusofonía.

Coa organización do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e os departamentos de galego e de portugués, durante o ano lectivo trabállanse de forma didáctica os textos e as músicas e, posteriormente, escóllense mediante votación online as mellores cancións e poesías editadas en Galiza e en Portugal no ano anterior, neste caso, en 2017. Despois, os artistas e poetas participan nunha gala de entrega de premios que se celebra no Teatro Principal no último trimestre do ano.

Saúdos cordiais.

Teléfono de contacto: 606383584.

---